





Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 05/2018**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 3 de xaneiro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 3 de xaneiro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Tui

O reclamante indicaba que tiña presentado en 8 concellos de Galicia unha solicitude de acceso á información pública co seguinte contido:

Que é vendedor ambulante e para exercer a súa actividade laboral quere coñecer os datos seguintes:

- Cantos ambulantes e suplentes traballan no mercadiño cotizando á Seguridade Social polo horario completo?
- Cantos ambulantes e suplentes traballan no mercadiño sen cotizar á Seguridade Social?

Motiva a petición na posible existencia de irregularidades no cumprimento da normativa da Seguridade Social.

O escrito viña acompañado da solicitude, dirixido ao concello de Tui, e presentada no rexistro de entrada o 14 de novembro de 2017.

**Segundo.** Con data 11 de xaneiro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Tui para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de xaneiro de 2018.

**Terceiro.** O Concello de Tui remite informe que ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 9 de febreiro de 2018, no que informa directamente á Comisión da Transparencia o seguinte:

*“Esta administración non realizou ningún trámite e que non posúe ningún outro documento que non sexa a propia instancia presentada polo Sr. [REDACTED].”*

*Esta administración non dispón de normativa reguladora específica de acceso á información.*

*Non existe no concello unha listaxe específica de ambulantes e suplentes que traballen no mercadillo cotizando por horario completo.*

*Así mesmo infórmase que as autorizacións concédense previa verificación de alta na Seguridade Social, de acordo coa ordenanza de aplicación, non constando nos expedientes a existencia de traballadores no mercadillo sen cotizar á Seguridade Social.*

*Reprodúcense a continuación os preceptos de aplicación do Regulamento Municipal de Venda Ambulante do concello de Tui (BOPDEPO número 124, do 1 de xullo de 2013) artigo 11: “As autorizacións para o exercicio da venda ambulante outórganse mediante Resolución de Alcaldía, ás persoas ou empresas que reúnan, como mínimo, os seguintes requisitos:*

- a) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, do imposto de actividades económicas...”*

*Artigo 11 punto 3: “Unha vez recibida a comunicación favorable á solicitude de autorización, para obter a mesma, deberá presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación: (...) c) fotocopia do último recibo do seguro de Autónomo orixinal ou alta no mesmo. .../...”*

*De non presentar toda a documentación sinalada no prazo concedido, o solicitante disporá dunha prórroga por igual período para emendar os defectos, considerándoo desistido da mesma no caso de non levalo a cabo.*

*4.- No caso dun posto xa autorizado en períodos anteriores, non será necesario presentar a documentación esixida nos apartados anteriores, debendo achegar unicamente o sinalado nos apartados b), c), d) e e) do art. 11.3”*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustándose a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso.**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, que nos artigos 122 e 124 prevé que se poderán interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso existe unha solicitude de información pública presentada con data do 15 de novembro de 2017 e a Administración non resolveu expresamente, polo que debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo

#### **Quinto.- Análise do expediente**

██████████ solicitou ao Concello de Tui unha serie de datos que se consideran información pública en poder desa autoridade municipal, ao abeiro do artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O concello informa á Comisión da Transparencia da recepción da solicitude presentada polo interesado o 16 de novembro de 2017, sinalando a súa falta de resposta e dos datos de que dispón neste asunto.

Se ben durante o ano 2017 non se presentaron situacións similares respecto a este concello cómpre recordar a importancia de responder en prazo e que o artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que a consecuencia do incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para efecto da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

De acordo co anterior, conséntase que non se lle proporcionou ao interesado a información solicitada, que entra dentro do concepto de información pública.

De acordo cos antecedentes e fundamentos xurídicos, a Comisión da Transparencia

### **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos, procede

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED], con data 3 de xaneiro de 2018, contra a denegación por silencio do Concello de Tui.

**Segundo:** Instar a Concello de Tui, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada que obre no Concello do trámite da correspondente autorización, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello de Tui, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga